



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Iniciación á investigación educativa		Código	652601E12	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es		
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Neste curso pretendemos que o estudante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademáis, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: sesión maxistral, traballos tutelados, proba mixta.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: presentación oral - realizarase una presentación non presencial, facendo uso dos medios tecnolóxicos a disposición do alumnado</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) só no horario de clase e titorías..</li> <li>- Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado para dúbidas e cuestións relacionadas cos contidos da materia</li> </ul> <p>4. Modificacións na avaliación; non se realizarán cambios.</p> <p>*Observacións de avaliación: anúlase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamento. Non obstante, o alumnado deberá realizar e entregar o traballo tutelado na data prevista ao inicio das clases. Considérase "alumnado no asistente" aquel que non comprobe co requisito de asistencia antes de iniciarse o confinamento, así como aquel que non entregue nas datas previstas as actividades.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os estudantes serán capaces de recoñecer a estrutura dos diferentes traballos de investigación	AP19		CM6
	AP24		CM8
Os estudantes serán capaces de identificar e comprender as diferentes fases e actividades que require a actividade investigadora	AP19		CM4
	AP28		CM6
			CM7



Os estudantes serán capaces de realizar propostas e deseños metodolóxicos acordes coa temática concreta que queiran investigar	AP28 AP33 AP35	CM3 CM6 CM8
Serán competentes para deseñar e desenvolver un proxecto de investigación	AP24 AP28 AP33	CM1 CM3 CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación	1.1. Plantexamiento do problema 1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos
Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa	2.1. A metodoloxía cuantitativa 2.2. A metodoloxía cualitativa 2.3. Técnicas de recollida de información
Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa	3.1. Elaboración dun proxecto de investigación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 A24 C6 C7 C8	5	0	5
Proba mixta	A19 A24 A28 C1 C8	1	10	11
Traballos tutelados	A28 A33 A35 C3 C4 C5 C8	6	18	24
Presentación oral	A28 C1 C3	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral por parte da docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado.</p> <p>A estrutura das sesións maxistras rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para afondar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividaes que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.</p>
Proba mixta	Proba de avaliación de coñecemento que poderá integrar preguntas de ensaio (abertas ou de desenvolvemento) e preguntas de tipo obxectivo (selección múltiple, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación).
Traballos tutelados	<p>Elaborarase un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos/as estudantes e que estea no marco da titulación que están a cursar. Cada una das partes do traballo a realizar será abordada teóricamente nas sesións expositivas previamente a fin de que o traballo sirva para reforzar os contidos teóricos, e os contidos teóricos sexan un apoio para a elaboración do traballo práctico por parte do/da estudante.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>



Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado (en grupos de 4-6 persoas) e el docente interactúan dun modo ordenado onde, nun primeiro momento, o grupo expón dun xeito orixinal e innovador a súa proposta de investigación e, en segundo lugar, a docente poderá propoñer cuestións, solicitar aclaracións de aspectos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
-------------------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudantes contarán co apoio do docente. Para isto, se realizarán titorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse as dúbidas de forma individual ou grupal.</p> <p>Pero ademáis, durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A28 C1 C3	O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidade e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.	20
Proba mixta	A19 A24 A28 C1 C8	Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia.  Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta.	30
Traballos tutelados	A28 A33 A35 C3 C4 C5 C8	Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Poderase realizar de forma individual ou grupal e será entregado na data indicada polo docente o primeiro día de clase.	50

## Observacións avaliación



A asistencia a clase é obrigatoria (80%). Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

- (a) Alumnado asistente: o que cumpra co requisito de asistencia dun 80% (sesións teóricas e prácticas). Será avaliado seguindo os criterios propostos para a "Avaliación" da materia, sendo necesario que realice o traballo tutelado (50%), a presentación oral (20%) e a proba mixta (30%). Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.
- (b) Alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 e 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue ao docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade terá que presentar a proposta de proxecto investigador que será valorada cun 50% da calificación final da materia (o prazo máximo de entrega será o mesmo que para os seus compañeiros/as asistentes) e terá que realizar o exame da proba mixta, cuxa calificación será o 50% da nota final. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.
- (c) Alumnado non asistente: aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%. Será avaliado únicamente a través da proba mixta, se bien esta proba conterà dúas partes, unha delas (50%) referida a preguntas sobre os contidos prácticos da materia e a outra (50%) na que se avalien os contidos teóricos. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademáis se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica</li><li>- Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla</li><li>- Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN</li><li>- Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: Mcgraw Hill</li><li>- McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson</li><li>- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L.</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.</li><li>- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher</li><li>- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners. Nueva Delhi: APH Publishing Corporation</li></ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débase facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débase ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías